



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Persoal

Aprobación definitiva modificación cadro de persoal Concello de Santiago

ANUNCIO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2023

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 24 de xuño do 2023, aprobou inicialmente a modificación do cadro de persoal do ano 2022, prorrogado para o 2023 no que atinxe ao persoal eventual.

O acordo someteuse a información pública, en virtude do que dispón o artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, o cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do día 4 de xullo do 2023 (BOP nº 126), comezando a súa exposición o día 5 de xullo e rematando o prazo da mesma o día 26 de xullo do 2023.

No citado prazo non se teñen recibido reclamacións por parte dos interesados, así que de conformidade co establecido no artigo 169.1 do TRLRFL considérase definitivamente aprobada a modificación, de modo que o cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022, prorrogado para o 2023, queda configurado como segue no que atinxe ao persoal eventual:

D.- PERSOAL EVENTUAL

- 14 Asesores/as técnicos/as Grupo A1
- 9 Asesores/as administrativos/as. Grupo C1.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2023

Concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal,
Contratación e Modernización da Administración Local
(PD Dto. Alcaldía 17/06/2023)

Manuel César Vila

2023/6360